

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)**ANUNCIO ACTA Nº 1**

**TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO DE SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE
TÉCNICO/A DE XESTIÓN ADSCRITA Á ÁREA DE ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME
INTERNO, FUNCIONARIO/A DE CARREIRA DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL E
RÉXIME INTERNO, SUBESCALA DE XESTIÓN, GRUPO A2**

CONCELLO DE PONTEDEUME

SESIÓN DO DÍA 6 DE MAIO DE 2025

Dase coñecemento ás seguintes deliberacións do Tribunal, segundo literal da acta número 1 que obra no expediente:

Unha vez entregados todos os exercicios ás 12.36 horas, o Tribunal, procede ao inicio da corrección.

Acórdase en canto aos temas resultantes no sorteo establecer o desglose da corrección en 5 puntos por cada un dos catro puntos dos que se compoñen ambos temas; de forma que a puntuación total de cada un sexa 20 puntos. A corrección por tanto será do seguinte xeito:

Tema 3.—O sistema da distribución de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas. 0-5 puntos

As relacións entre o Estado e as Comunidades Autónomas. 0-5 puntos

Xurisprudencia constitucional. 0-5 puntos

O marco competencial das entidades locais. 0-5 puntos

Tema 57.—O persoal ao servizo das entidades locais: clases e réxime xurídico. 0-5 puntos

A función pública local: clases de funcionarios locais. 0-5 puntos

Políticas de igualdade e contra a violencia de xénero en materia de persoal das Administracións públicas. 0-5 puntos

Políticas de persoal dirixidas á atención das persoas con discapacidade e/ou dependentes. 0-5 puntos

Tendo en conta que o exercicio será cualificado de 0 a 20 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación de 10 puntos para supéralo.

Logo da deliberación, a nota resultante da corrección de cada exercicio será a que resulta de forma unánime proposta por todos os membros do Tribunal e que se incorpora en táboa adxunta cos códigos de anonimato de cada un/ha dos aspirantes presentados:

CÓDIGO ANONIMATO**PUNTUACIÓN DO**

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	PRIMEIRO EXERCICIO
1001-a-3133	2.25/20 NON APTO
1001-a-3194	2.50/20 NON APTO
1001-a-3154	7.50/20 NON APTO
1001-a-3175	16.50/20 APTO
1001-a-3084	10.50/20 APTO
1001-a-3099	3.50/20 NON APTO
1001-a-3171	2.00/20 NON APTO
1001-a.2032	7/20 NON APTO

Acórdase en consecuencia coa táboa anterior, declarar eliminados do proceso selectivo aos aspirantes que non superaron o primeiro exercicio.

Os exercicios, se ordea polo presidente, que se deixen en custodia da secretaria do Tribunal, na Secretaría xeral do concello de Ponte deume.

Os aspirantes presentados disporán dun prazo de **5 días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da presente sesión que conteña a valoración da proba, atendendo ao establecido na Base décima primeira das que rexen a convocatoria, para presentar as reclamacións ante o Tribunal de selección que consideren oportunas.

Se ordea igualmente que se proceda á publicidade, a través do correspondente anuncio da presente acta, no taboleiro electrónico: <https://sede.pontedeume.gal>, sen prexuízo da publicación en: <https://www.pontedeume.gal/cobertura-en-propiedade-dunha-praza-de-tecnico-de-xestion-do-concello-de-pontedeume/>.

Os membros do tribunal acordan convocar aos aspirantes para a **apertura pública dos sobres que garanten o anonimato para o luns día 26 de maio de 2025 as 10.15 horas** na Secretaría da Casa Consistorial do concello de Ponte deume (2º andar), en presenza da secretaria do Tribunal e coa asistencia remota a distancia dos restantes membros do Tribunal.

Logo da apertura pública, se ordea á secretaria do tribunal para a publicación das puntuacións, con nome e apelidos parciais e DNI parcial, do primeiro exercicio, procedendo á confección da acta correspondente do acto, para constancia.

Asimesmo se determina convocar **aos membros do tribunal para a confección do segundo exercicio o vindeiro día, luns 2 de xuño de 2025, as 09.00 horas** na Casa Consistorial do concello de Ponte deume, A Coruña.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

E se determina convocar aos aspirantes que superaron o primeiro exercicio para a realización do segundo exercicio, o vindeiro día, luns 2 de xuño de 2025, as 10.30 horas no edificio FOREMDES de Pontedeume, (A Coruña), rúa Ricardo Sánchez, 6, Pontedeume, A Coruña.

A secretaria

Ana Ramos Ramos

(Asinado dixitalmente)

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica municipal, <https://sede.pontedeume.gal/> no apartado: Verificación de documentos.

